

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA INTERCAMBIAR INFORMACIÓN SOBRE PERSOAS TITULARES DA TARXETA SANITARIA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Instituto Galego de Estatística formalizaron o día 21.03.2025 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de 4 anos contados a partir do día seguinte ao da súa sinatura, o cal é susceptible de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Galego de Estatística (en adiante, IGE) para o intercambio de información sobre as persoas que constan de alta no Sistema de Información Poboacional de Tarxeta Sanitaria co fin de mellorar na Base de datos sociodemográfica do IGE o lugar de residencia das persoas, contribuíndo así á realización das funcións atribuídas a aquel.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O IGE é un organismo autónomo regulado na Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, para dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma. Entre as súas funcións están:

- Analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas en Galicia e promover que se apliquen normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística galega.
- Desenvolver bases de datos e prestar servizos de recompilación e de almacenaxe da información estatística dispoñible.

A citada Lei 6/2024, do 27 de decembro, afonda na necesidade de considerar os rexistros e sistemas de información como recursos estratéxicos da estatística galega e sinala a necesidade de conseguirmos incorporar, cando menos, os de orixe administrativa, garantido que estean á disposición do sistema estatístico para integralos en bases de datos e aumentar os estándares de calidade. O artigo 4 da mesma lei concreta estas aspiracións establecendo o principio de rendibilidade, de xeito que se debe utilizar como fonte prioritaria de información a dispoñible nos ficheiros de datos administrativos e promover o seu enlace



con fins estatísticos. Baixo este principio e para executar a planificación estatística, o artigo 25 atribúelle ao IGE o dereito a solicitar e obter dos órganos e das entidades do sector público os datos contidos nos ficheiros de datos administrativos, así como a posibilidade de desenvolver e manter bases de datos a partir do enlazamento de ficheiros. Como consecuencia desta previsión normativa e de acordo co artigo 7 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, o IGE dispón dunha Base de datos sociodemográfica na que se relacionan e integran diferentes rexistros administrativos e a partir da cal se programan e difunden estatísticas.

Pola súa banda, correspóndelle á Consellería de Sanidade planificar, xestionar e avaliar a implantación de tarxeta sanitaria; deseñar e manter a estrutura básica do sistema de información integrada; determinar as características da tarxeta sanitaria, así como a información a incluír neste documento, todo elo consonte ao disposto no Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da mesma. Segundo o Decreto 177/1995, do 16 de xuño, a tarxeta sanitaria emitida pola Consellería de Sanidade é o documento que identifica ás persoas cidadáns residentes en Galicia protexidas polo sistema sanitario público.

Así pois, o presente acordo de colaboración pretende contribuír á realización destas funcións establecendo as condicións de colaboración entre ambos organismos para mellorar na Base de datos sociodemográfica do IGE o lugar de residencia das persoas, co obxecto de xerar información estatística que permita:

- Dispor de marcos de mostraxe actualizados e acordos coa realidade demográfica da Comunidade Autónoma.
- Mellorar a calidade das estatísticas sociodemográficas recollidas nos plans e programas estatísticos de Galicia.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

